



Martes, 23 de xuño do 2015

Normalización Lingüística promoveu a presentación da revista 'O Salmón Oval' na Casa das Campás

Defendendo o galego cun balón ovalado

Dirixida polo filólogo Isaac Xubín, trátase da única publicación de rugby que se edita neste idioma

Eduardo Muñiz | Pontevedra

Contribuír á normalización do idioma galego desde o mundo do deporte é o propósito co que o filólogo pontevedrés Isaac Xubín puxo en marcha *O Salmón Oval*, a única revista sobre este deporte que se edita en Galicia. E faise ademais exclusivamente en galego, un motivo máis para que “fose case que unha obriga achegar esta revista á Universidade”, como apuntou o director da Área de Normalización Lingüística, Paulo Cabral, quen lembrou tamén que a institución académica contaba ata hai uns días cun equipo na máxima categoría do rugby estatal. Xusto no día no que saíu do prelo o seu segundo número, *O Salmón Oval* presentouse na Casa das Campás, nun acto no que se avogou por “sumar fozas” na defensa do idioma.

Xunto a Cabral, acompañaron a Xubín nesta presentación organizada pola ANL o vicedecano de Ciencias da Educación e do Deporte Jorge Viaño e o concelleiro de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, Alberto Oubiña, que defendeu esta publicación como “un exemplo tanxible de colaboración para reverter as tendencias á baixa que, por desgraza, ultimamente se están dando no uso da nosa lingua”. Nese senso, Xubín, egresado da Facultade de Filoloxía e Tradución e xogador de rugby, avogou por “reinventarse, ser positivos e aproveitar todas as posibilidades” e por iso, presentou *O Salmón Oval* como “unha póla máis dunha campaña de normalización”, que trata de aproveitar para a defensa e promoción do galego “o espírito do rugby, que fomenta que os rapaces aprendan a tomar decisións de xeito autónomo e, ao mesmo tempo, como parte dun equipo”.

Máis que rugby

Con dous números xa na rúa, *O Salmón Oval* é unha revista nacida en Pontevedra, que se distribúe tanto a través dos dous clubs da cidade, o Mareantes e o Pontevedra Rugby Club, como nos negocios patrocinadores da publicación. Mais, o propósito de Xubín é que a única revista deste deporte que se edita en Galicia poida dar un salto cualitativo a vindeira tempada. “En principio, sairá outro número máis no verán e despois teremos que buscar máis patrocinadores para seguir adiante, xa coa idea de estendela a toda Galicia”, apunta.

Ademais de recoller a actualidade dos dous clubs da cidade e afondar noutras competicións deste deporte, *O Salmón Oval* conta tamén con contidos de “carácter transversal” que van máis aló do rugby, como serían os artigos dedicados á gastronomía ou á saúde ou o apartado dedicado á creación literaria. Trátase tamén dunha revista na que a Universidade está representada, no primeiro número cun artigo do docente de Ciencias da Educación e do Deporte Raúl Varela e, no segundo, coas colaboracións do profesor da Facultade de Filoloxía e Tradución Anxo Angueira e do egresado de Ciencias da Educación e do Deporte Francisco Usero.

Por unha maior colaboración

Mirando xa cara o futuro, Paulo Cabral avogou nesta presentación por “abrir camiños de colaboración con esta revista na Universidade”, como tamén fixo o representante de Ciencias da Educación e do Deporte. Jorge Viaño salientou que “intentaremos que haxa unha implicación por parte da xente da nosa facultade, porque ademais o rugby é un dos deportes que máis esperta os valores da colaboración”, ao tempo que apuntou á posibilidade de que o alumnado do centro puidese achegar a *O Salmón Oval* artigos que “lle dean unha vertente máis didáctica e científica”.